## Enlaces de interese

**BVG**
*http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=RemFern%E1&alias=Medos+Romero*

**AELG**
*http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor299*

**Galipedia**
*http://gl.wikipedia.org/wiki/Medos_Romero*

**Videoteca AELG**
*http://www.youtube.com/watch?v=c6J-dbnUf8k*

** A imaxes da escritora e manuscritos foron sacadas da web AELG*
** A imaxe do interior e obra de Carlos Valcarcel, e tena publicada no seu Facebook*





# *Medos Romero*

## *24 de maio*

## *CPI de San Sadurniño*

***A nosa escola aínda garda***
***a caravilla da porta.***
***Faltan as cadeiras e os cristás todos.***
***O mapa da parede, cruzado de ríos,***
***apuntalado polas teas de araña,***
***recacha nas esquinas e mourea.***
***Alguén plantou ao pé***
***hortensias azuladas e cravo.***

***Medos Romero***

"Nacín en 1959, en Soomede, unha aldea de As Pontes situada na cola do Eume, chea de bidueiros e carballos, cun monte malva de queirogas e toxo en flor que hoxe se vai convertindo pouco a pouco nun eucaliptal. Acordo de ben cativa o ouveo do lobo ao lonxe, os medeiros grandes, as merendas das cinco nos cómaros, despois dos traballos do campo... Todo isto se amosa agora en pezas de museu, fotos vellas e festas tradicionais que a min me horrorizan tanto e me provocan unha profunda tristeza. Eu era dese mundo, dese xeito de vivir, dese país coas terras labradas e cos olores intensos da natureza que olfateo con nostalxia e que aínda busco nos arredores da cidade."

"Creo que cada vez valoro máis as pequenas cousas, os mellores momentos que nos da a vida, tal vez porque traballo coa morte a diario, e iso tíngueme a vida dunha cor sempre. Levo en min caras de angustia de moitos doentes, de persoas maiores e de xente moza. Esa é unha lección importantísima, porque nos fai ser conscientes do pouco que somos e nos fai ver o valor da humildade."

***Medos Romero, "Ficha do autor" na BVG***

"Eu escribo sempre desde a emoción, desde a vivencia, desde o sentimento, e por tanto non me poño a escribir nunca cun proxecto de libro concreto. Nunca sei realmente de que vou escribir mañá. Sei que necesariamente terá que ver con algo que me impacte nun determinado momento, pola súa beleza, pola indignación que me produza, pola dor que me cause etc."

***Medos Romero, Entrevista no blogue Criticalia***

"A terra, a muller, a dor e a beleza son, até este momento, as raíces das que se nutre



toda a miña poesía, esta árbore verbal que un día naceu e que vai medrando libro a libro e da que unha nunca sabe que é o que vai quedar co paso do tempo. "

***Medos Romero, "Ficha do autor" na BVG***

Desde a adolescencia acompañoume sempre unha edición moi humilde de *Follas de herba*, de **Walt Whitman**. Tamén regreso unha e outra vez a *La sonrisa etrusca*, de **José Luis Sampedro**, a **Marguerite Yourcenar**, a *Memorias de Adriano*, na magnífica tradución que fixo **Julio Cortázar** e que remata con aquelas fermosísimas palabras sobre a morte: *"Todavía un instante miremos juntos las riberas familiares, los objetos que sin duda no volveremos a ver… Tratemos de entrar en la muerte con los ojos abiertos…"*. Retorno moitas veces igualmente a *Anónimo veneciano*, de **Giuseppe Berto**, e entre os autores galegos talvez a obra máis frecuentada por min é a narrativa de **E. Blanco Amor**.

***Medos Romero, "Ficha do autor" na BVG***